



8 DE MARZO. MÁIS DE 100 ANOS DE LOITA FEMINISTA

MANIFESTO

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Promulgado en 1975 pola Organización de Nacións Unidas (ONU), o 8 de marzo é recoñecido mundialmente como un día que remite á loita pola conquista de Dereitos e a visibilización das desigualdades e as violencias en todas as súas formas e tipos.

A historia do 8 de marzo lévanos ao ano 1908 cando 140 mulleres morreron nun incendio na fábrica Cotton, de Nova York, logo de que se declarasen en folga con permanencia no seu lugar de traballo en reclamo da redución da xornada laboral, igualdade salarial cos homes que realizaban as mesmas tarefas, melloras nas condicións laborais, entre outras demandas. Ante a negativa de abandonar a loita polos seus dereitos, a resposta por parte do dono da fábrica foi pechar as portas e **prender lume o edificio coas traballadoras dentro.**

Outro precedente do que se ten rexistro é o das manifestacións do 8 de marzo de 1857, onde centos de traballadoras dunha fábrica téxtil de Nova York, reclamaban contra as pésimas condicións laborais e os baixos salarios, novamente a resposta foi unha **brutal represión que levo á morte a 129 traballadoras.**

Lonxe de abandonar a loita, as mulleres traballadoras do mundo continuaron organizándose, e en 1910 durante a Internacional Socialista, reunida en Copenhague, proclamouse o “**Día da Muller traballadora**”, de carácter internacional como homenaxe ao movemento en favor dos dereitos da muller, polo dereito sufraxio feminino universal, a ocupar cargos públicos, o dereito ao traballo, á formación profesional e á non discriminación laboral.

En 1977 a Asemblea Xeral da ONU estableceu o 8 de marzo como o Día Internacional da Muller, excluindo o termo de Traballadora, co obxectivo de “desvirtuar” o contido de clase revolucionario que deu orixe a esta celebración.

O obxectivo da conmemoración desta data é reflexionar activamente sobre a evolución das condicións de vida e traballo das mulleres en todo o mundo, así como fomentar accións tendentes a melloralas nas que xa se lograron avances, e revertir as situacións de indignidade e inxustiza.

Así pois, con esta reflexión e atendendo que o Traballo social pertence a profesións de coidados e de axuda aos demais cargada de estereotipos de xénero, continuamos coas desigualdades laborais que afectan aos salarios, á distribución de recursos, tempos, responsabilidades, a escaseza de mulleres en postos de dirección, etc. Participando as mulleres con forza nos orixes do acompañamento social, foron e son os homes na súa maioría quen ocupan postos de mando.

Polo tanto, **o 8 de marzo bríndanos a oportunidade para pensar(nos) e (re)coñecer cómo impacta o xénero** na nosas tarefas cotiás, **no xeito no que habitamos como profesionais do Traballo Social as institucións** (sociais, educativas, etc.), nas nosas crenzas, en definitiva, na nosa ollada cara a vida.